



1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15021469	CIFP Leixa	Ferrol	2025/2026

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SSC	Servizos socioculturais e á comunidade	CSSSC05	Promoción de igualdade de xénero	Ciclos formativos de grao superior	Réxime de proba libre

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP1405	Participación social das mulleres	2025/2026	0	105	0

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	RITA LUSTRES ALONSO,PEDRO FERNANDO GRANELL MACÍAS (Subst.)
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión equipo directivo



2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

2.1. Primeira parte da proba

2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Caracteriza a participación social das persoas, en relación co xénero e os diversos ámbitos de vida
RA2 - Deseña estratexias para promover a participación das mulleres no ámbito público, en relación coas estruturas organizativas que dan resposta ás súas necesidades
RA3 - Deseña estratexias para promover o empoderamento das mulleres, analizando o contexto e o proxecto de intervención
RA4 - Desenvolve estratexias de intervención en procesos grupais, seleccionando técnicas para a xestión dos conflitos desde unha perspectiva de xénero
RA5 - Desenvolve procesos de asesoramento e acompañamento, analizando as demandas e as necesidades das mulleres, e os recursos e as estruturas existentes
RA6 - Realiza actividades de avaliación das intervencións dirixidas a promover a participación das mulleres, seleccionando estratexias, técnicas e instrumentos que posibiliten a retroalimentación destas

2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.1 Caracterizáronse os posibles tipos e niveis de participación das persoas na sociedade
CA1.2 Aplicáronse protocolos de investigación para analizar o nivel de participación das mulleres en diversos ámbitos de vida
CA1.2.2 -Identifícanse elementos de protocolos e informes de investigación para analizar o nivel de participación das mulleres en diversos ámbitos da vida.
CA1.3 Caracterizouse a participación social das mulleres no ámbito rural galego
CA1.3.1 -Identifícanse as características máis salientables da participación das mulleres no ámbito rural galego.
CA1.4 Seleccionáronse as fontes de información en función de diferentes ámbitos de vida das persoas



Criterios de avaliación do currículo
CA1.6 Recolléronse datos de participación das mulleres en distintos ámbitos de vida
CA1.6.1 -Recoñecéronse datos de participación das mulleres en distintos ámbitos da vida.
CA1.8 Identificouse a fenda de xénero a partir dos datos obtidos
CA1.9 Valorouse a repercusión dos tipos e dos niveis de participación das persoas na sociedade
CA1.9.1 -Identificáronse os tipos e niveis de participación das mulleres na sociedade.
CA2.1 Identificáronse as necesidades e as demandas de participación no ámbito público por parte das mulleres
CA2.2 Identificáronse redes e estruturas organizativas que dan resposta ás demandas de participación das mulleres
CA2.3 Relacionáronse as necesidades tipo da poboación destinataria, canto á participación no ámbito público, coas estruturas organizativas que lles dan resposta
CA2.4 Establecéronse estratexias e vías de comunicación para contactar e manter relación cos axentes do ámbito de intervención
CA2.5 Caracterizáronse procesos de creación e consolidación de estruturas que permitan a participación das mulleres no ámbito público
CA2.6 Determináronse espazos de encontro a partir dos intereses dos axentes implicados e dos recursos dispoñibles
CA2.6.1 -Identificáronse espazos de encontro a partir dos intereses dos axentes implicados e dos recursos dispoñibles.
CA3.1 Identificáronse situacións de desigualdade nos procesos de toma de decisións por parte das mulleres
CA3.2 Analizáronse as políticas de igualdade efectiva e o empoderamento das mulleres
CA3.3 Identificáronse os servizos, as estruturas e as organizacións que favorecen o empoderamento das mulleres
CA3.4 Identificáronse estratexias baseadas no "mainstreaming" de xénero
CA3.5 Identificáronse obstáculos invisibles para a igualdade en diversas situacións
CA3.8 Organizáronse accións de sensibilización atendendo ás características do sector social a que van dirixidas



Criterios de avaliación do currículo
CA3.8.2 -Identifícanse tipos de accións de sensibilización atendendo ás características do sector social ao que van dirixidas.
CA4.1 Formuláronse estratexias de dinamización de grupos que permitan procurar novas metas e novos intereses persoais e grupais
CA4.2 Seleccionáronse técnicas grupais, atendendo ás características individuais e do grupo
CA4.3 Establecéronse procesos grupais desde unha perspectiva de xénero
CA4.5 Determinouse o papel do/da técnico/a nos procesos grupais que incorporan a perspectiva de xénero
CA4.6 Caracterizáronse as fases de evolución dos grupos en relación coa súa actividade profesional
CA4.7 Establecéronse diferenzas entre os procesos grupais que incorporan a perspectiva de xénero e outras vías de actuación
CA4.7.1 -Identifícanse as características principais dos procesos grupais que incorporan a perspectiva de xénero.
CA5.1 Aplicáronse técnicas de recollida de información de xeito individualizado
CA5.1.2 -Identifícanse técnicas de recollida de información de xeito individualizado.
CA5.2 Identifícanse as necesidades e as demandas de participación social e empoderamento das mulleres
CA5.3 Interpretáronse plans e estratexias de actuación deseñados previamente nun equipo de intervención
CA5.4 Aplicáronse protocolos de actuación para o acompañamento e o asesoramento de mulleres nos ámbitos da participación social e o empoderamento
CA5.4.2 -Identifícanse os elementos da estrutura tipo dos protocolos de actuación para o acompañamento e o asesoramento de mulleres nos ámbitos de participación social e o empoderamento.
CA5.5 Aplicáronse técnicas de escoita activa en que se atendan demandas tipo
CA5.5.1 -Identifícanse as características da técnica de escoita activa na que se atendan demandas tipo.
CA5.6 Adecuáronse as actuacións de acompañamento e asesoramento ás necesidades das persoas usuarias
CA5.6.2 -Identifícanse situacións que compre darlle resposta ás necesidades das persoas usuarias a partir de actuacións de acompañamento e asesoramento.



Criterios de avaliación do currículo
CA6.1 Seleccionáronse estratexias e instrumentos de avaliación
CA6.3 Adaptáronse as técnicas e os instrumentos de recollida e análise da avaliación á realidade de diferentes axentes
CA6.7 Establecéronse os procedementos xerais para a xestión da calidade da intervención
CA6.7.1 -Identificáronse as tipoloxías de procedementos xerais para a xestión da calidade da intervención.

2.2. Segunda parte da proba

2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Caracteriza a participación social das persoas, en relación co xénero e os diversos ámbitos de vida
RA2 - Deseña estratexias para promover a participación das mulleres no ámbito público, en relación coas estruturas organizativas que dan resposta ás súas necesidades
RA3 - Deseña estratexias para promover o empoderamento das mulleres, analizando o contexto e o proxecto de intervención
RA4 - Desenvolve estratexias de intervención en procesos grupais, seleccionando técnicas para a xestión dos conflitos desde unha perspectiva de xénero
RA5 - Desenvolve procesos de asesoramento e acompañamento, analizando as demandas e as necesidades das mulleres, e os recursos e as estruturas existentes
RA6 - Realiza actividades de avaliación das intervencións dirixidas a promover a participación das mulleres, seleccionando estratexias, técnicas e instrumentos que posibiliten a retroalimentación destas

2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.2 Aplicáronse protocolos de investigación para analizar o nivel de participación das mulleres en diversos ámbitos de vida
CA1.2.1 -Elaboráronse protocolos de investigación para analizar o nivel de participación das mulleres en diversos ámbitos da vida.



Criterios de avaliación do currículo
CA1.3 Caracterizouse a participación social das mulleres no ámbito rural galego
CA1.3.2 -Descríbiuse a participación social das mulleres no ámbito rural galego.
CA1.5 Elaboráronse instrumentos para recoller datos de diversas fontes de información
CA1.6 Recolléronse datos de participación das mulleres en distintos ámbitos de vida
CA1.6.2 -Calculáronse indicadores de participación das mulleres en distintos ámbitos da vida.
CA1.7 Desagregáronse e valoráronse os datos de participación por sexos
CA1.9 Valorouse a repercusión dos tipos e dos niveis de participación das persoas na sociedade
CA1.9.2 -Valorouse a repercusión dos tipos e dos niveis de participación das persoas na sociedade.
CA2.6 Determináronse espazos de encontro a partir dos intereses dos axentes implicados e dos recursos dispoñibles
CA2.6.2 -Descríbíronse espazos de encontro a partir dos intereses dos axentes implicados e dos recursos dispoñibles.
CA2.7 Utilizáronse as tecnoloxías da información e da comunicación para a creación, a potenciación ou o reforzo das redes existentes nun ámbito de intervención
CA2.7.1 -Simulouse o emprego das tecnoloxías da información e da comunicación para a creación, a potenciación ou o reforzo das redes existentes nun ámbito de intervención.
CA3.6 Establecéronse accións conducentes á ruptura dos obstáculos invisibles e o intercambio de boas prácticas para o empoderamento das mulleres
CA3.7 Determináronse actuacións orientadas a favorecer o cambio de actitudes que faciliten a corresponsabilidade na toma de decisións
CA3.8 Organizáronse accións de sensibilización atendendo ás características do sector social a que van dirixidas
CA3.8.1 -Simulouse a organización de tarefas de sensibilización atendendo ás características do sector social a que van dirixidas.
CA3.9 Valorouse a importancia da participación das mulleres nos ámbitos de toma de decisións para identificar situacións de desigualdade
CA4.4 Aplicáronse técnicas para a identificación e a xestión de conflitos desde unha perspectiva de xénero



Criterios de avaliación do currículo
CA4.7 Establecéronse diferenzas entre os procesos grupais que incorporan a perspectiva de xénero e outras vías de actuación
CA4.7.2 -Deseñouse unha acción grupal con perspectiva de xénero atendendo a un suposto.
CA4.8 Valorouse a importancia de considerar as características individuais e de grupo para seleccionar as estratexias e as técnicas de intervención
CA5.1 Aplicáronse técnicas de recollida de información de xeito individualizado
CA5.1.1 -Elaboráronse instrumentos de recollida de información de xeito individualizado.
CA5.4 Aplicáronse protocolos de actuación para o acompañamento e o asesoramento de mulleres nos ámbitos da participación social e o empoderamento
CA5.4.1 -Elaboráronse protocolos de actuación para o acompañamento e o asesoramento de mulleres nos ámbitos da participación social e o empoderamento.
CA5.5 Aplicáronse técnicas de escoita activa en que se atendan demandas tipo
CA5.5.2 -Aplicáronse os elementos fundamentais da escoita activa no que se atendan demandas tipo.
CA5.6 Adecuáronse as actuacións de acompañamento e asesoramento ás necesidades das persoas usuarias
CA5.6.1 -Adecuáronse as simulacións de actuación de acompañamento e asesoramento ás necesidades das persoas usuarias.
CA5.7 Aplicáronse accións de acompañamento e asesoramento adecuadas ao carácter individual ou grupal da intervención
CA5.8 Valorouse a importancia das habilidades sociais do/da técnico/a nos procesos de acompañamento e asesoramento
CA6.2 Elaboráronse instrumentos para realizar o seguimento dos procesos de participación das mulleres
CA6.4 Establecéronse criterios e indicadores para verificar a utilidade das estratexias e dos instrumentos de comunicación empregados
CA6.5 Establecéronse protocolos para a comunicación dos resultados da avaliación aos membros do equipo e aos axentes implicados
CA6.6 Empregáronse as tecnoloxías da información e da comunicación para a elaboración, a presentación e a difusión de informes de avaliación e memorias
CA6.7 Establecéronse os procedementos xerais para a xestión da calidade da intervención



Criterios de avaliación do currículo

CA6.7.2 -Elabórese un procedemento xeral para a xestión da calidade nunha das fases da intervención.

3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os mínimos exixibles para acadar a avaliación positiva na proba serán todos os criterios de avaliación detallados no apartado 2 desta programación, xunto cos seus resultados de aprendizaxe aparellados.

Os mínimos exixibles para acadar unha avaliación positiva están indicados no currículo e veñen determinados polos resultados de aprendizaxe e os criterios de avaliación asociados ao módulo profesional.

O alumnado terá que realizar unha proba de toda a materia composta de dúas partes, cada unha delas valorada sobre 10 puntos. A nota final da proba será a media aritmética das dúas partes, sempre que se obtivese como mínimo en cada unha delas unha puntuación de 5 puntos. Esta proba levarase a cabo en dúas sesións diferentes para cada unha das partes, que son eliminatorias. Sen ter superada a primeira proba cunha cualificación de 5 puntos non se pasará á segunda parte da proba, se tampouco se supera a segunda proba a cualificación total non será maior aos 4 puntos. Quen obteña 4 puntos na primeira proba acadará un 0 na segunda, e unha puntuación no resultado das probas libres de 2 puntos. As notas finais expresaranse en número enteiros sen decimais.

O redondeo será ao enteiro superior nos casos nos que a cifra decimal sexa igual ou superior a 6. Non sucederá así nos casos nos que implique ter una nota igual ou superior ao 5 con algunha parte da proba non superada.

Ademais dos criterios de avaliación descritos no currículo, a profesora terá en consideración os seguintes aspectos:

- Organización nos documentos de exame.
- Coñecemento e uso correcto do vocabulario técnico relacionado co módulo e co perfil profesional en xeral.
- Coherencia das respostas co demandado no enunciado das preguntas abertas (xustifica, cita, explica, enumera, pon un exemplo).
- Adaptación das solucións dos supostos prácticos aos datos concretos que se expoñen no seu enunciado.

As persoas pertencentes á comisión de avaliación poderán excluír de calquera parte da proba dun determinado módulo profesional as persoas aspirantes que leven a cabo calquera actuación de tipo fraudulento ou incumpran as normas de prevención, protección e seguridade, sempre que poidan implicar algún tipo de risco para si mesmas, para o resto do grupo ou para as instalacións, durante a realización das probas. Neste caso, o profesor ou a profesora do módulo profesional cualificará esa parte da proba do módulo cun cero.



4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

4.a) Primeira parte da proba

Terá carácter eliminatorio e consistirá nunha proba escrita que versará sobre unha mostra o suficientemente representativa dos criterios mínimos de avaliación establecidos na programación para esta parte, cualificarase de cero a dez puntos.

Esta primeira parte, consistirá nunha proba tipo test e/ou preguntas a desenvolver. A puntuación outorgada a cada pregunta así como o desconto, se houber, figurarán na proba.

Para a superación da primeira parte da proba as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos. Non superar esta parte, implicará obter un 0 na segunda tal e como establece a lexislación vixente.

As persoas candidatas deberán acudir á proba provistas dun bolígrafo azul ou negro de tinta indeleble e cun documento identificativo oficial. A proba terá unha duración total de 120 minutos. Haberá que personarse 10 minutos antes do exame para efectuar o chamamento. Non se poderá acceder nin abandonar á proba pasados 10 minutos do seu comezo, salvo causas suficientemente xustificadas e no caso de non abandonar ningunha persoa a aula.

4.b) Segunda parte da proba

Terá carácter eliminatorio e consistirá no desenvolvemento de varios supostos prácticos e/ou preguntas que versarán sobre unha mostra o suficientemente representativa dos criterios mínimos de avaliación establecidos na programación para esta parte.

Esta segunda proba consistirá na realización de un ou varios supostos prácticos debidamente contextualizados e/ou preguntas a desenvolver. A puntuación máxima de cada pregunta aparecerá especificada na proba.

A puntuación máxima desta segunda parte, será un 10 e a mínima para aprobar un 5. As persoas que non superen a primeira parte da proba serán cualificadas cun cero nesta segunda parte. A cualificación final correspondente da proba do módulo profesional será a media aritmética das cualificacións obtidas en cada unha das partes, expresada con números enteiros, redondeada á unidade máis próxima. No caso das persoas aspirantes que suspendan a segunda parte da proba, a puntuación máxima que poderá asignarse será de catro puntos.

As persoas candidatas deberán acudir á proba provistas dun bolígrafo azul ou negro de tinta indeleble e cun documento identificativo oficial. A proba terá unha duración total de 120 minutos, asistirase 10 minutos antes para o chamamento. Non se poderá acceder nin abandonar á proba pasados 10 minutos do seu comezo, salvo causas suficientemente xustificadas e no caso de non abandonar ningunha persoa a aula.